

# VEXO-VEXO

## CLUB DE LECTURA DE IMAXES



CPI Plurilingüe Virxe do Monte  
Cospeito (Lugo)

# O que hai que ver

Moitísima información chéga en imaxes, ou en verbas acompañadas de imaxes procedentes da moda e do deseño industrial, da publicidade, da ilustración literaria, da prensa escrita, da televisión, da Internet, da Arte... Chéga constantemente á retina e ao cerebro sen que dea tempo a procesala.

No club de lectura de imaxes Vexo-vexo, aberto a todo o alumnado de ESO e a todo o profesorado do centro, os membros aportan o seu punto de vista sobre as imaxes propostas, sen que se impoña unha lectura única, por cualificada que sexa, para que cadaquén acade as súas propias conclusións sobre o que veí.



# OBSERVA, DESCRIBE, CONTRASTA...

## 1. OBSERVA

- 7 segundos din que é o tempo medio que unha imaxe pasa por diante da nosa mirada.
- Proba a observar esta imaxe nese tempo.
- Responde: é suficiente para lembrala fielmente?



# OBSERVA, DESCRIBE, COMPARA...

## 2. DESCRIBE

Que ves:

- como é a forma da orla?,
- que cores se empregan?
- como son as letras?
- Pecha os ollos e trata de contar en palabras o que tes visto.



# OBSERVA, DESCRIBE, COMPARA...

## 3. COMPARA

- Compara a marca proposta con outras marcas de doces: que teñen en común? En que se diferencian?
- En que se parece a marca de tabaco Lucky Strike á de Chupa Chups?
- Compara unha marca antiga do produto coa actual.
- Compara a marca actual cunha proposta máis elemental na forma.



Sweet Life

dreamstime.com



# ... E COMENTA

## 4. COMENTA

- É adecuada a forma da marca coa función publicitaria que debe ter? Por que?
- Qué sensacións transmiten os lóbulos da orla, as cores empregadas, as letras rotuladas e inclinadas?
- Teñen algo que ver cunha explosión de sabor ácido na lingua, coa alegría do pracer das lambetadas ou co movemento das mesmas?
- QUE OPINAS TI?



# Para saber máis

A marca estudada é un isologo ou logosímbolo, no que o texto e a icona son inseparables.

Sóese falar de logotipos en sentido amplo, pero técnicamente é preciso diferenciarlos: logotipo en sentido estrito, isotipo/símbolo (monograma, anagrama, sigla, inicial, firma, pictograma) e o devandito isologo.

Mira os exemplos e aprende a distinguilos.

LOGOTIPO



MONOGRAMA



ANAGRAMA



INICIAL



FIRMA



PICTOGRAMAS



ISOLOGO



SIGLAS



**OBSERVA**

---

**DESCRIBE**

---

**COMPARA**

---

**COMENTA**

**Raffaello Sanzio**  
(Urbino, 1483 – Roma, 1520)  
***Os desposorios da Virxe.***  
117 x170 cm. Óleo s/táboa  
Pinacoteca de Brera. Milán.





**Pietro di Cristoforo Vanucci, *Il Perugino***  
(Cittá della Pieve, ca. 1448 – Fontignano, 1523)



***Entrega das chaves a San Pedro.*** 335 x 550 cm  
Capela Sixtina, Cidade do Vaticano



***Os desposorios da Virxe***

**Donato Bramante**  
***San Pietro in Montorio***  
Roma



# Para saber máis

O tema dos desposorios da Virxen María e San Xosé, aparece nos evangelios apócrifos e na Lenda Dourada. Esta leyenda describe como os pretendentes de María, que tiña permanecido no templo ata os catorce anos, levaron unha vara e só a de Xosé floreceu como sinal de ser o elixido de Deus para se desposar con María. Así vemos no cadro como o resto de pretendentes portan varas sen florecer mentras un deles, en primeiro plano, trata de romper a súa co xeonllo, o que vemos nun escorzo que engade movemento nuna composición abondo estática.

A vestimenta, os peiteados e a arquitectura presentes na obra son os propios do Renacemento italiano do Cinquecento (século XVI) que o pintor tiña no seu contorno. O mesmo se pode dicir dos rasgos raciais, que non parecen propios da xente da Palestina do século I a. C.

Os pigmentos máis costosos na pintura da época reservábanse para figuras relevantes: santos, reis, doantes... É frecuente o uso do vermellón na túnica da Virxe e do lapislázuli no seu manto. Non sempre o artista podía elixir onde colocar estas cores pois o seu uso estaba determinado polo contrato de encargo entre cliente e artista.



# Algunhas consideracións para o análise de imaxes

- A imaxinación e a fantasía están baseadas en imaxes que vemos e rexistramos na memoria. Non é intelixente acumular imaxes, senón seleccionar as que significan algo interesante para nós.
- A imaxe que vemos pode ser un fragmento, unha copia a diferente escala e noutro material. Sempre que sexa posible, procura ver a imaxe orixinal ao completo.
- A nosa experiencia vital e a nosa cultura pode facilitar a lectura de imaxes, mais tamén pode lastrala cos nosos prexuízos.

## Bibliografía e páxinas web consultadas

BAXANDALL, Michael: *Pintura y vida cotidiana en el Renacimiento. Arte y experiencia en el Quattrocento*. Col. Comunicación Visual. Gustavo Gili. Barcelona, 1978.

DONDIS, Donis A.: *La sintáxis de la imagen. Introducción al alfabeto visual*. Col. GG Diseño. Gustavo Gili. Barcelona, 2015.

<https://tentulogo.com>

<http://www.artehistoria.com>

<https://es.wikipedia.org>

<http://blogartehistoria.blogspot.com.es>

---

CPI Plurilingüe Virxe do Monte

Biblioteca Escolar

**VEXO-VEXO**

Club de Lectura de Imaxes

2016-2017